

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS “ASPANEPS” PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ENLACE PARA A PROMOCIÓN, TRATAMENTO E REHABILITACIÓN EN SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL NA ÁREA SANITARIA DE FERROL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” de Ferrol, asinaron o 10/3/20 un convenio de colaboración cuxo obxecto é a realización, por parte da Asociación do “programa de enlace para a promoción, o tratamento e a rehabilitación en saúde mental infanto-xuvenil”. No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado e individualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

O programa de enlace terá como obxectivo xeral apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen dificultades que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración psicosocial, así como ás súas familias e outros axentes sociais, a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitadoras que garanten unha saúde mental integral.

Para levar a cabo esta actividade, desenvolveranse os seguintes protocolos de intervención:

P.1 Protocolo de Abordaxe Psicoeducativo e Psicoterapéutico en TEA.

P.2 Protocolo de Apoio e Asesoramento grupal con pais e nais de nenos/as con TEA.

P.3 Protocolo de Apoio Psicoeducativo e Psicoterapéutico en nenos/as con dificultades na Aprendizaxe

P.4 Protocolo de Intervención Grupal en Adolescentes con Dificultades na Interacción Social.

P.5 Protocolo de Apoio e Asesoramento Grupal con proxenitores que afrontan sós a crianza na primeira infancia.

P.6 Protocolo de Abordaxe psicoeducativo e psicoterapéutico en problemas derivados de dificultades na crianza no grupo primario de apoio.

P.7 Protocolo de Apoio e Asesoramento Grupal a pais e nais de adolescentes con dificultades.

P.8 Protocolo de Coordinación Externa.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo